

MONDOÑEDO NA MEMORIA

Ano 3

Mondoñedo, abril de 2022

Núm. 2

Edita: Antonio Reigosa | Textos, fotografías e imaxes: autores e fontes que se citan | Deseño da cabeceira: Xosé Vizoso | Deseño: Diego Núñez | Depósito Legal: LU 62-2020
ISSN: 2660-8324 | Imprime: Imp. Suc. de Mancebo | Colaboran neste número Andrés García Doural, Daniel Río Caxigueiro, Xosé Vizoso e Antonio Reigosa.

Cándido Carreiras Domenech

No 75.º aniversario do seu pasamento
(29 de outubro de 2022)

LEIRAS LEIRIÑAS CHEGOU
A REPÚBLICA



Ilustración de Xosé Vizoso.

O colectivo Memoria da Mariña xunto con varios veciños e veciñas de Mondoñedo promoven unha homenaxe a este mindoniense esquecido, coincidindo co 75.º aniversario do seu pasamento.

O acto público terá lugar no Vello Cemiterio de Mondoñedo o 29 de outubro de 2022 e consistirá na colocación sobre os seus restos dun monumento deseñado polo artista mindoniense Caxigueiro.

Cándido Carreiras Domenech (Mondoñedo, 1870-1947), político republicano federal, xastre e industrial, foi represaliado polas ditaduras de Primo de Rivera e Franco.

O seu corpo permaneceu soterrado desde 1947 nun lugar incógnito do vello cemiterio de

Mondoñedo, aínda que por diferentes testemuños transmitidos oralmente sempre se tivo a certeza de que descansa a carón da tumba do seu admirado amigo, Manuel Leiras Pulpeiro.

SUBSCRICIÓN POPULAR

As persoas que desexen contribuír a sufragar o monumento en memoria de Cándido Carreiras Domenech deben pñerse en contacto cos organizadores.

UN BATALLADOR REPUBLICANO

Andrés García Doural

En moitas ocasións vese escrito o seu nome nos libros de actas da corporación mindoniense, outras asinando artigos en xornais de Mondoñedo e noutras, por ser un dos cinco veciños de Mondoñedo que foron acusados de rebelión militar en 1936. Actualmente cítase nalgúns actos públicos, pero a súa figura resulta totalmente descoñecida para a gran maioría de asistentes. É unha desas persoas que temos esquecidas e hoxe cremos oportuno dala a coñecer. Tentaremos achegar algúns datos biográficos deste personaxe.

O seu nome era Cándido Eugenio Juan Carreiras Domenech. Naceu ás doce e media da tarde do 6 de setembro de 1870. Era fillo lexítimo de José Carreiras Álvarez, natural da parroquia de Santa María Magdalena de Couboeira e de Francisca Manuela Domenech Fernández, natural de Mondoñedo, ambos residentes no barrio dos Muíños de Arriba, núm. 1.

Era neto paterno de Francisco Carreiras e de Josefa Álvarez, defunta, oriúndos e veciños de Couboeira. Neto materno de Francisco Domenech Labernia, natural de Santiago de Moncada (Valencia) e de Vicenta Fernández, do Couto de Outeiro, defuntos. Foron os seus padriños Gervasio Domenech e a súa nai, Juana, tía materna do bautizado (1).

Coñecemos a existencia de varios irmáns de D. Cándido: D. Perfecto (sacerdote), D. José (xastre) e D.ª Carmen, aínda que non descartamos a existencia dalgún máis. En 1892, D. Cándido Carreiras é admitido como socio do Casino de Mondoñedo. D. Cándido casou en Mondoñedo con D.ª María Aurora Herbón González, que era filla de D. José Antonio Herbón Bas, secretario do Concello de Mondoñedo desde 1884, oriúndo da parroquia de Santiago de Viveiro e de D.ª Josefa González, de Mondoñedo. O matrimonio tivo unha filla chamada Aurora Pascuala Margarita Lorenza Carreiras Herbón, bautizada na parroquia de Santiago de Mondoñedo o 3 de marzo de 1905. Foron os seus padriños D. Lorenzo Fugarolas, casado e D.ª Pascuala Fernández, viúva, veciños de Lugo e Mondoñedo, respectivamente. A moza Aurora faleceu en 1926.

En 1912, en compañía do avogado e industrial de Mondoñedo, D. César González Seco, pretenden crear unha empresa de refrescos e bebidas gasosas en Mondoñedo, aínda que non o conseguiron.

En 1916 comezan os problemas para D. Cándido Carreiras coas forzas de orde pública. Durante unha multitudinaria reunión de agrarios en Lourenzá é detido pola garda civil e encerrado nunha adega inmunda e chea de lixo. O Sr. Xuíz instrutor do suceso, decretou a súa liberdade.

En 1923 ocupa o cargo de procurador síndico da corporación mindoniense. É dicir, era concelleiro encargado de promover os intereses da poboación, de defender os seus dereitos e de queixarse dos posibles agravios que se puidesen cometer.

Ademais de exercer a profesión de xastre, na planta baixa do seu domicilio rexentou un bar-librería que era a diario centro de reunión e faladoiro de varias persoas con afíns políticos. D. Cándido escribe con frecuencia artigos e realiza comentarios relacionados coa vida da nosa cidade nos xornais *Mondoñedo*, *Heraldo de Galicia*, *El Progreso* e *Don Fino* –Roque dá Campá, pseudónimo que empregaba nesa publicación–, entre outros. Tamén é redactor xefe de *Justicia* e correspondente informativo de *El Correo Gallego*. [Continúa na páxina 2.]

[Vén da páxina 1.] Durante a Ditadura de Primo de Rivera sufriu numerosos atropelos, multas e mesmo, ameazas de prisión. Os artigos que publicou en *El Correo Gallego*, despois de pasar pola censura, chegaron a ser coleccionados e posteriormente enviados ao Gobernador civil, D. Ramón Bermúdez de Castro, con intención de deportarlo.

Varios membros da CEDA de Mondoñedo, montados nun vehículo, dirixense ao domicilio de D. Cándido, baixándose con celeridade do mesmo e a continuación penetran irradamente no café-librería que rexentaba. Unha vez no seu interior, abalanzanse sobre D. Cándido e suxeitándo de pernas e brazos tentan cortarlle a canosa e longa barba cunhas grandes tesoiras. A súa esposa, que se atopaba na coxina da casa, ao escoitar as fortes voces e o ruído producido polos alí presentes, descende apresuradamente as escaleiras, portando nunha das súas mans un coitelo de considerables dimensións. Ante tal ameaza, os trasquiladores emprenden a fuxida. Desta librouse D. Cándido.

En 1931 preside o Comité Republicano de Mondoñedo. Como tal republicano mindoniense, ao proclamarse a II República diríxese ao camposanto municipal, en compañía doutros moitos, e ante a tumba de D. Manuel Leiras Pulpeiro, exclama: «Leiras, Leiriñas, xa chegou a nosa!».

Proclamada a II República e sendo alcalde de Mondoñedo, pronunciou, o 27 de abril de 1931, desde o balcón da Casa do Concello que dá á Praza da Constitución un elocuente discurso, resultando moi eloxiado e aplaudido polos asistentes. A banda municipal de música interpretou o Himno de Riego.

En febreiro de 1932, no domicilio de D. Cándido Carreiras celebrouse a primeira asemblea do Grupo Republicano Progresista. Por dimisión do seu presidente, sae elixido como novo presidente o seu bo amigo, D. José Ramón Villamarín Pallín.

A Corporación do veciño concello de Lourenzá solicitou en 1935 ao Goberno o ingreso de D. Cándido na Orde da República.

O 4 de marzo de 1936 é elixido alcalde de Mondoñedo D. José Ramón Villamarín Pallín (agrimensor) e síndico primeiro, D. Cándido Carreiras Domenech (industrial).

Da que non se librou D. Cándido foi cando ás once horas do 15 de agosto de 1936, o comandante militar, D. Emilio Arias, en compañía dos gardas 2.º, José Buide Fernández, Antonio Piñeiro Vidal e o corneta Antonio Iglesias Pazos, por orde do Gobernador civil de Lugo (Bermúdez de Castro) deteñen aos veciños de Mondoñedo: Patricio Vijande Villar, José Sánchez Gacio, José Ramón Villamarín Pallín, Alfredo Martínez Martínez e Cándido Carreiras Domenech.

As acusacións que pesan sobre os presos son:

- 1) Patricio Vijande Villar, fabricación de bombas, estar afiliado ao Partido Socialista e de ser exconcelleiro mindoniense.
- 2) José Sánchez Gacio, de ser a figura responsable no partido da elaboración dos preparativos revolucionarios así como de ocupar o cargo de Gobernador civil da Coruña.
- 3) José Ramón Villamarín Pallín, exalcalde de Mondoñedo, de ser figura moi destacada nas ideas de



Cándido Carreiras fala desde o balcón do antigo consistorio.

Tribunal provincial de Lugo

Expediente procesal de Cándido Carreiras Domenech

DATOS PERSONALES		SEÑAS PARTICULARES	
Natural de <i>Mondoñedo</i>	provincia de <i>Lugo</i>	o) Iris (ojos) <i>2.</i>	
veciño de <i>Iden</i>	provincia de <i>Iden</i>	1) Cabello <i>Casto</i>	
hijo de <i>José</i>	y de <i>Francisca</i>	2) Piel <i>buena</i>	
edad <i>65 años</i>	profesión <i>industrial</i>	3) Cejas <i>al file</i>	
instrucción <i>ninguna</i>	religión <i>-</i>	4) Nariz <i>recta</i>	
estado <i>Casado</i>	hijos <i>-</i>	5) Boca <i>regular</i>	
antecedentes <i>no tiene</i>	ingresa por <i>1.ª vez</i>	6) Barba <i>cebrada</i>	
Domiciliado <i>Mondoñedo</i>		7) Cara <i> Oval</i>	
		8) Talla <i>1,610</i>	

Ficha de ingreso na cadea de Lugo

carácter esquerdista, inimigo acérrimo co actual movemento e de manifestar publicamente que prefería morrer nun calabozo antes que dar un berro de «Viva España».

- 4) Cándido Carreiras Domenech, acusado de ser un individuo de ideas republicanas desde hai máis de corenta anos e que manifestou desconformidade co actual movemento militar.
- 5) Alfredo Martínez Martínez, recadador de cédulas persoais, representante do Socorro Rojo, ao que acusan de ser un individuo moi perigoso polo seu carácter e ideas disolventes. Instrúeselles unha causa sumariísima por rebelión militar.

Acusados de rebelión militar! Uns cidadáns que non estaban organizados militarmente, que non vestían uniforme e que non fixeron nin un disparo de arma de fogo. Soamente por defender os seus ideais. Quen eran os rebelados? Aplicábase a lei ao revés.

Seguindo a causa que se lles instruíu (n.º 653/36), cítase con urxencia a Lugo aos gardas que os detiveron. Interrogado o garda Buide, declara: «qué considera a D. Cándido como un verdadeiro sacrificado a sus ideais republicanos y hombre desde luego incapaz de ningún acto revolucionario ni de hacer daño a nadie».

Os outros dous gardas, que se atopaban accidentalmente en Mondoñedo, dixeron que: «sólo escucharon decir que eran personas de izquierdas, sin que sepan ni lo oyeran tampoco a nadie que dichos individuos habían cometido ningún acto delictivo». Posteriormente son escoitados os detidos, e por último, cítanse tres veciños de Mondoñedo, «de probada honorabilidad y solvencia».

Non foi tan favorable a resposta de dous destes últimos.

Practicadas as dilixencias ordenadas pola autoridade xudicial, acórdase sobreseer a causa. O 17 de setembro de 1936 dispónse a liberdade dos cinco veciños de Mondoñedo, pero quedando retidos ao dispor da Autoridade Gubernativa. O 16 de decembro, desde A Coruña, ordénase arquivar todas as actuacións no Goberno Militar de Lugo e dar conta ao Xuíz instrutor (2) polo xefe do mesmo e acusar recibo.

Non rematarían aquí os desgustos para D. Cándido Carreiras nin para outros veciños de Mondoñedo.

Nos últimos anos da súa vida, xa maior, viúvo, con achaques de saúde e ante a súa precaria situación económica, un benfeitor de D. Cándido foi o seu conveciño, o sacerdote D. Santiago Acebo Folgueira.

Al cuarto particular: — En cuanto a D. Cándido Carreiras, le consta al testigo que en todo momento ha hecho propaganda en sentido izquierdista y antirreligioso, habiendo causado desde hace próximamente cuarenta años grandísimos males en esta población y sus contornos, tanto como por su propaganda oral como escrita, ejercida principalmente en un bar que posee y que es centro de reunión de varias personas, siendo desde luego opuesto o disconforme con el actual movimiento militar, ignorando el declarante si colaboró en alguna forma en contra del mismo.

En cuanto al cuarto particular: — D. Cándido Carreiras, prepresenta en Mondoñedo, el tipo de republicano ideólogo, cuya ideología por todos sus medios trató de propagar. Fué varias veces Concejal del Ayuntamiento y en su actuación no regateó demostrarse como tal republicano de izquierdas, habiendo presentado varias mociones que lastimaban los sentimientos religiosos de la ciudad, tales como la de incautación de la iglesia de Alcántara, que hoy está a cargo de los Padres Pasionistas. Indudablemente que su actuación ha tenido como resultado unha eficaz propaganda de las ideas del republicanismo avanzado.

Declaración contra Cándido Carreiras de dous veciños de Mondoñedo.

PROVINCIAL
DE LUGO
REGION

Fuego el honor de participar a V.S. que en esta Dirección se ha recibido su respetable orden de esta fecha disponiendo sean puestos en libertad los individuos que al margen se exponen, los cuales quedan retenidos a disposición del Sr. Gobernador Civil.

Dios que a V.S. me lo diga 14 sept. 1936

Gerardo Landrove

Instructor Comandante D. Gerardo Landrove

Para

Orde de posta en liberdade

D. Cándido Carreiras, domiciliado na rúa Bispo Sarmiento, número 2, viúvo de D.ª María Aurora Herbón e de profesión xastre, faleceu ás trece horas do 28 de outubro de 1947 (3).

Transcorreron case oitenta e seis anos destes lamentables sucesos que tanto dano causaron á poboación de Mondoñedo. Eu fágome as seguintes preguntas: pódense volver repetir? Volverían realizarse represalias e asasinatos entrambos bandos? Aprendemos a lección? Pagamos cun elevadísimo interese as súas consecuencias. Os veciños que o padeceron, por razón de idade, xa faltan moitos, pero deixáronnos testemuño do que sufriron fisicamente, moral e economicamente. Falamos pouco e escoitamos menos!

A súa irmá, D.ª Carmen Carreiras Domenech faleceu no barrio dos Muíños de Arriba o 11 de outubro de 1969. Na capital da provincia, aínda reside unha descendente da familia Carreiras Domenech.

Breves apuntamentos dun republicano confeso, que sempre mirou o ben público.

(1) AHDME, parroquia de Santiago de Mondoñedo, libro 31 de bautizados, folio 66 e 67.

(2) O Xuíz instrutor da causa foi o comandante de Infantería, retirado, D. Gerardo Landrove Moíño. En 1925, D. Gerardo estivo destinado con ese emprego na Caixa de Recrutados de Mondoñedo, 101. Moitas posibilidades de que coñecese aos acusados de rebelión militar!

(3) Rexistro Civil de Mondoñedo, Tomo 57 de defuncións, pág. 283.

MEMORIA DE CÁNDIDO CARREIRAS DOMENECH

«... porque en mi infancia había leído el novelón de Agustín de Letamendi titulado *Josefina Commerford o el fanatismo*, que me lo había prestado un republicano federal que había en mi ciudad natal, D. Cándido Carreiras, hombre de pulcras barbas, y que como sastre teniendo a la perfección el corte de la dulleta, lo sacrificó por pasar a opiniones anticlericales; era orador castelarino y al final de su vida puso un bar, donde daba un mal café con citas de Pi y Margall...»

Álvaro Cunqueiro, «Dos amazonas», *Laberinto y Cía.*, Taber, Barcelona, 1970, pp. 175-176 (artículo publicado inicialmente en *Faro de Vigo*).

«A Cándido Carreiras, que era republicano, moi fiel ó credo republicano e a Salmerón, organizáronlle unha manifestación espontánea cando chegou a República: ¡Don Cándido, á Alcaldía! ¡Don Cándido, á Alcaldía!, berraban polas rúas, e fixérono falar desde o balcón do Concello mentras seguían berrando: “¡Carreiras a la Alcaldía, o tú alcalde, o Mondoñedo no tendrá alcalde!”

Carreiras, que era pequenote pero cunha voz de grande orador, dando uns golpes no peito, dixo: Queridos amigos, queridos republicanos, en mi pecho no anidan jefaturas».

Ánxel Fole en *Fala Fole (Cinco horas con don Ánxel)*, de Xosé de Cora e Mercedes Díaz: Biblioteca El Progreso, 1997.

«Estiven o día 17 en Mondoñedo pra lembrar a Leiras e soltei unha oracionciña sinxela diante da súa tumba, recordando ao poeta e a un dos seus bos amigos e compañeiros –don Cándido Carreiras Domenech– que foi a comunicarlle ó cemiterio a proclamación da República o ano 1931. A escea ten a forza esperpéntica dunha peza valleinlesca.

Ao proclamarse a II República, don Cándido Carreiras, vello republicán amigo de Leiras, quixo cumprir a promesa que lle fixera ó poeta. Foise ó Axuntamento, tomou a vara do alcalde e, con outros compañeiros, dirixiuse ó cimiterio e, diante do sartego de Leiras, petou co bastón da autoridade na lousa sepulcral e dixo: Manoliño, Leiriñas; tráigoche a grata nova: ¡Chegou a nosa!

E despois de dar outros golpes coa vara na lousa, vltou ó Axuntamento.

Ista escea repítese tódolos anos pro algunhos amigos, como unha homenaxe ao poeta, e unha lembranza cordial de don Cándido Carreiras, loitador pólas liberdades cidadáns».

Xosé Díaz Jácome, «Leiriñas, chegóu a nosa», *La Voz de Galicia*, 19 de maio de 1983.

«El republicanismo sincero que alienta sus ideas no elimina un respeto reverencial a lo eclesiástico de tal modo que, por ejemplo, cuando escribe la crónica del primer aniversario de Leiras, su admirado poeta, amigo y correligionario, destaca que sus venerables restos “han santificado el cementerio civil”, lo cual no deja de ser una pirueta doble mortal hacia atrás para quedarse en el mismo sitio.»

José de Cora, «Cándido Carreiras, alcalde republicano y episcopal», *El Progreso*, 29 de setembro de 2019.

«Nin placa, nin tampa, nin *laudatio*! Nada. Só terra e silencio. Gústame pensar que Cándido Carreiras Domenech goza ao escoitar os nobres propósitos de quen visita a campa veciña de Leiras pero non estaría de máis, e tempo sería xa de telo feito, engadir a un *sit tibi terra levis* un texto onde se exprese que compartimos a súa esperanza nun mañá mellor.»

Antonio Reigosa, «Cándido Carreiras Domenech», *Episodios Mindonienses* (2021), pp. 180-182, publicado inicialmente como «Cándido Carreiras Domenech, a memoria da República en Mondoñedo», *El Progreso*, 14 de abril de 2020.

AO SEU MESTRE E AMIGO, M. LEIRAS PULPEIRO

‘Carreiras, a su amigo’

Asi rezaba o texto da cinta da coroa de flores naturais que lle ofrendou Cándido Carreiras a Manuel Leiras Pulpeiro cando o soterramento no cemiterio civil de Mondoñedo o 10 de novembro de 1912. Naquel acto, ao que asistiron arredor de 2000 persoas, Carreiras pronunciou «un discurso sentidísimo, como correligionario», segundo a prensa da época.

Un ano despois, o 10 de decembro de 1913, con motivo de cumprirse o primeiro cabodano do poeta, enviá a *El Eco de Galicia*, órgano dos galegos residentes nas Repúblicas Sudamericanas, un texto publicado no xornal *Mondoñedo* o 9 de novembro do mesmo ano.

«Hoy cumple un año que este luchador infatigable de la causa republicana dejó de existir, y, si bien dejó entre sus correligionarios un vacío difícil de llenar, ocupa en el cementerio civil un lugar que ha sido santificado con sus venerandos restos. Los despojos allí sepultados, han atraído la presencia de numerosas personas, abriendo de par en par las puertas del cementerio neutro, enterrando prejuicios y despojando de fanatismos a una gran parte de nuestro pueblo. Es la primera vez que el reducido cementerio de desidentes del catolicismo, es abierto al público el mismo día en que los “romanos” dedican sus preces a los de su grey...»

Allí, ante la tumba fría, sin bendiciones eclesiásticas ni responsos de a peseta la docena he visto a numerosas personas arrodillarse y besar las losas que cubren la sepultura del inspirado poeta regional, y convencido librepensador. Sencillas y bondadosas mujeres musitaban sentidas frases en memoria del médico de los pobres, seguidas de exclamaciones de sentimiento y dolor.

Mi esposa acompañada de la hermana política del ilustre vate, y yo, hemos pasado por un día de prueba al ir a depositar sobre su tumba flores y coronas que los sinceros amigos y correligionarios le dedicamos. Entre el cariño y el sentimiento entáblase reñida lucha, venciendo, como vence siempre, el cariño, cuando este es sincero, arraigado y hondo como el nuestro. El sentimiento nos aprisionaba como un torniquete el corazón, impidiendo acercarnos al lecho frío del autor de “Cantares Gallegos”, pero el cariño imperecedero que le tenemos nos llevo al lugar santo, donde descansa, cubriéndole de flores».

Leiras Pulpeiro, preterido

Anos despois, o 30 de agosto de 1925, publica en *El Heraldo Gallego*, órgano das colectividades galegas na Plata, un extenso artigo titulado «Leiras Pulpeiro, preterido» no que critica un acordo do concello que aproba dar os nomes de Veiga e Noriega a dúas rúas mindonienses pero esquecese («preterir» significa omitir, voluntariamente ou non) de Leiras. Despois de recoñecer os méritos do músico e do poeta, quéixase amargamente de que non lle concedesen o nome dunha rúa a Leiras.

«Por qué Mondoñedo no ha de reparar con Manuel Leiras una preterición injusta, poniendo su nombre a una plaza o una calle de esta población en la que nació, vivió y murió derramando hasta el último día de su vida el bien y la caridad entre los más necesitados, dejando abintestato sus producciones literarias?».

«Un hombre y un nombre ha dejado en el olvido –que huele a preterición sospechosa– nuestro Concello Municipal: el de Manuel Leiras Pulpeiro, poeta y literato singular, médico notable y hombre altruista, de bondad inagotable, que hacía de la carrera un sacerdocio, y cuya literatura era como un bisturí que se introducía en la carne viva del cuerpo social corrompido para sanearlo extrayendo el pús oculto por los falsos curanderos de un regimen social y político llamado a desaparecer.

Gallego de sangre y galleguista de corazón el autor de *Cantares Gallegos*, enriqueció nuestro dulce idioma enviando a la Academia Gallega miles de palabras que apenas eran conocidas porque habían sido desfiguradas por la intromisión de términos y nombres exóticos. Exageradamente modesto –el tan querido de todos cuantos le conocían– Leiras

Pulpeiro apenas dio a la publicidad sus versos plenos de aromas de la tierra, en los que el espíritu liberal y democrático se manifiesta con valentía y ternura que desentumecen a los que tienen invadida su alma de arcaicas ideas materialistas».

O PENSAMENTO DE CÁNDIDO CARREIRAS

A necesidade do ferrocarril

En sendos artigos, ambos publicados en *El Progreso* os días 19 e 27 de maio de 1925 trata o tema do retraso da construción do camiño de ferro que debería unir Lugo con Vilalba, Mondoñedo e Ribadeo. Despois de pregar pola mellora da calidade e organización das feiras das San Lucas, pregúntase se esta obra, tan reclamada polas xentes da comarca, non se retrasará porque a financiación se desvía a outros gastos que nin sequera chegan para construír estradas, traída de augas, camiños e escolas. Ou, se cadrar, a razón principal «¿Se ha cegado acaso esa profunda sima de Marruecos, a la que se sigue arrojando gran parte de los recursos de los contribuyentes y la sangre de nuestra juventud?».

Tras lamentar o fracaso de anteriores proxectos como o do tranvía eléctrico de Ribadeo a Lugo, prosigue:

«Para lamentar el entusiasmo, la confianza y el desprendimiento práctico de los pobladores de esta zona, por el tranvía, baste decir que ya se habían suscripto buena cantidad de individuos por crecida suma de pesetas, para las acciones y obligaciones que estuvo a punto de emitirse. ¿Cuáles fueron las causas de frustrarse esta obra en camino de realizarse?».

A sangría da emigración

Nun extenso artigo titulado «Fases de nuestra decadencia. El ‘separatismo’ gallego» publicado na Habana no número 18 de *Heraldo de Galicia*, órgano dos intereses do pobo «galiciano y paladín de la colonia gallega en Cuba», o 30 de setembro de 1923, Cándido Carreiras, despois de aclarar que non se refire ao separatismo político, nin xeográfico, nin étnico senón á separación material e espiritual dos fillos desta terra e ao «éxodo migratorio cada vez más alarmante». Confesa que el tamén probou esa experiencia, e que cruzou o Atlántico en busca de fortuna.

Dedica unha parte do artigo a explicar a emigración irlandesa polas loitas político-relixiosas con Inglaterra. Xustifica o éxodo dos italianos pola escaseza de territorio para tantos habitantes, e o doutras nacións europeas en momentos de crise como foi a I Guerra Mundial. Porén, para o caso galego entende a emigración como unha sangría, como se pode comprobar nestes breves parágrafos que extractamos:


«... la fuga ante el enemigo que es el Estado, que es el caciquismo..., que tiene sus tentáculos desde los Tribunales de Justicia hasta el mal cura párroco, y desde el Ministerio de la Gobernación hasta el agente ejecutivo de los impuestos.

De estos ricos valles de Lorenzana, de Mondoñedo, de Valle de Oro y de las extensas vegas de las Mariñas de Foz, Barreiros y Ribadeo se marchan en este mes, y en el siguiente de octubre, millares de mozos y mozas de pueblos y aldeas. Dejan a sus padres ancianos o enfermos, pero los que están en buen estado de salud se van también.»

«A este ‘separatismo’ gallego no puede perseguirse con leyes de excepción, ni se le pueden clausurar Círculos, ni denunciar periódicos, ni hacerles arriar sus banderas, ni encarcelar a sus caudillos.

Es el separatismo de la muerte en las bodegas de los barcos que, como piltrafas, son arrojados en las playas americanas, para que las recojan y fertilicen sus campos, ansiosos de brazos robustos que los hagan producir.»

«...hasta que el tiempo los enseña que no es su mala suerte la que les empujó fuera del solar patrio, a separarse de Galicia sino un estado político, económico y social, incompatible con el progreso y perfeccionamiento humanos y persistir los Poderes públicos en sostener un régimen medioeval que no existe en ningún país civilizado.»



Localización da sepultura.

SOBRE O LUGAR DE ENTERRAMENTO DE CÁNDIDO CARREIRAS

Polo de agora, non se atopou proba documental definitiva que indique o lugar exacto onde está soterrado o corpo de Cándido Carreiras Domenech. Sábese por tradición oral e por testemuños que confirman numerosas persoas como a antiga bibliotecaria xa falecida, Alicia Tella-Villamarín, quen dicía que estaba a carón da cova do seu correligionario e amigo, Manuel Leiras Pulpeiro, no Vello Cemiterio de Mondoñedo. E que ela mesma, por encargo do seu padriño, J. Ramón Villamarín Pallín, compañeiro de fatigas políticas de Carreiras, era a encargada de ofrendarlle unha vez ao ano unhas rosas vermellas.

Xosé Díaz Jácome, antigo Cronista oficial, e o investigador local, Andrés García Doural, confirman en diferentes publicacións de seu a mesma opinión.

«... e Cándido Carreiras dorme o sono eterno a carón de Leiras, baixo a lenda que se recolle na lousa do poeta: “amou a liberdade e practicou o ben.”

De atoparse Gamallo Fierros na súa vila houbéramoslle levado a Leiras unhas froliñas ó vello cemiterio e, lembrando o 14 de abril do 1931, petaríamos co caxado gamallense no sartego repetindo as palabras que entón dixo Carreiras: “Leiras, Leiriñas: tráigoche a grata nova. ¡Chegou a nosa!”. Leizón de fidelidade.

Haberá que matinar en corrixir un lamentoso

esquecemento: na campa de Carreiras non figura o seu nome. Iste loitador mindoniense ben merece unha plaquiña que o lembre».

Xosé Díaz Jácome, «Coruxeiras e Carreiras», *La Voz de Galicia*, 26 de abril de 1989. p. 31.

«Quería saber onde estaba soterrado D. Cándido Carreiras Domenech, famoso liberal mindoniense que lle levou a Leiras Pulpeiro, xa difunto, a “grata nova” da proclamación da República o 14 de abril. Carreiras –como ben é sabido– petou no sartego do médico-poeta e dixo: “Leiras, Leiriñas: tráigoche a grata nova! Chegou a nosa!”.

Pois resulta que Carreiras dorme o sono eterno, a carón de Leiras, no que fora o cemiterio civil, hoxe adicado a enterramentos de nenos».

Xosé Díaz Jácome, «A tumba de Carreiras», *La Voz de Galicia*, 25 de xullo de 1990. p. 29.

«D. Cándido fue enterrado en el cementerio municipal de Mondoñedo, en el costado derecho del panteón de D. Manuel Leiras Pulpeiro. Durante muchos años era frecuente ver colocadas sobre su sepultura unas rosas rojas».

Andrés García Doural, «Al republicano D. Cándido Carreiras Domenech», *Miscelánea Mindoniense*, 13 de novembro de 2012.

MONUMENTO A CÁNDIDO CARREIRAS

En febreiro de 2022, o colectivo Memoria da Mariña xunto cun grupo de veciñas e veciños de Mondoñedo iniciaron os trámites ante o concello de Mondoñedo para solicitar o pertinente permiso para colocar sobre a súa tumba un monumento, deseño do artista local Caxigueiro, que perpetúe a súa memoria. Asinaron a solicitude Xosé Luis Fernández Rivera, Xulio Rodríguez Leiras, Xosé Ramón Polo Díaz, Andrés García Doural, Antonio Reigosa Carreiras, Xusto Fernández Haro, Natividad Domenech Gruñeiro, Esperanza González Martín, Francisco J. Bouso Bouso e Daniel Río Rubal.

O monumento

O proxecto da autoría de Caxigueiro pretende manter vivo un sentimento emotivo e tamén a memoria, dúas cuestións fundamentais en calquera monumento funerario. En concreto, nesta proposta, téñense en conta algunhas particularidades:

—Ser respectuoso co espazo, interferindo o menos posible no entorno. Por esta razón pensouse nunha solución poética, sinxela e que propiciara o recollemento que se lle presupón ao lugar.

—Non restarlle protagonismo á «obra-homenaxe» dedicada ao poeta mindoniense M. Leiras Pulpeiro, que se atopa xusto ao seu carón.

—Darlle unha solución visual acorde cos materiais utilizados nos cemiterios clásicos: granito, mármore e bronce.

Detalles técnicos

O monumento consta dunha base de cemento, recuberta de granito que serve de soporte a unha lápida de mármore (ou doutro granito que busque un contraste crómico coa base mencionada). As dimensións son semellantes (no longo e alto) á peza que lembra a Leiras, pero máis estreita en sentido horizontal.

Sobre a citada lápida van inscritos datos do homenaxeado e unha cita: «Leiras, Leiriñas! Chegou a nosa!». E sobre este soporte vai unha póla vexetal fundida en bronce, que simboliza o paso do tempo e a memoria.



La librería

PRENSA • LIBROS DE TEXTO • PAPELERÍA

M.ª José Martínez Anello

Tels. 982 507 010 / 629 809 259
Praza do Concello, 8 - Baixo • MONDOÑEDO

MANCEBO

SUC. DE
**IMPRESA
PAPELERÍA**

*150 anos ó seu servicio
1870 - 2020*

*Fernando López González
(Fillo de Xosé López Díaz)*
SUC. DE MANCEBO

Tel. 982 521 851 • e-mail: impsucmancebo@yahoo.es
Rúa da Imprenta, 7 • MONDOÑEDO

